



JESÚS FERNÁNDEZ LLANEZA

Realizou os seus estudos musicais de violín e harmonía no Conservatorio de Oviedo, cos profesores Alfonso Ordieres e Leoncio Diéguez, e de especialización pedagóxica na metodoloxía Rolland e Suzuki cos profesores Richard Schwambe e Ysako Yosimura. Foi membro da Orquestra Sinfónica de Asturias, profesor no Conservatorio Profesional de A Coruña e da Escola Municipal de Oleiros, e profesor de ensinanza secundaria no IES Neira Vilas de Perillo (Oleiros). Dende finais dos anos 90 desenvolve o seu traballo pedagóxico en A Coruña, onde iniciou na súa carreira musical a varias xeracións de bos instrumentistas.

O violín dende a harmonía: un novo enfoque

O ensino tradicional de violín fai habitualmente un tratamento do instrumento dende o punto de vista melódico, sen pararse a plantexar a harmonía subxacente nas melodías que tocamos ou as escalas que practicamos. Pero a realidade é que toda a música que facemos (polo menos ata a aparición dos sistemas atonais) obedece a unha estrutura harmónica interna: na práctica, de forma continua, realizamos arpexios ou dobres cordas que desvelan esa harmonía.

O uso dun enfoque harmónico dende os primeiros pasos do ensino instrumental ten unha influencia moi positiva no desenvolvemento da técnica da man esquerda.


A introdución, por outra parte, dos acordes de 7ª e a clarificación, dende un principio, das súas funcións tonais (que son aprendidas sen esforzo dende o instrumento), achega o violín a todos os xéneros musicais que basean a súa harmonía neste tipo de acordes.

O plantexamento harmónico e o desenvolvemento dunha técnica baseada na ergonomía, na distensión e no control do movemento dende uns bos principios de posición e uso muscular, sentan uns bos cimentos que van permitir aos futuros violinistas desenvolver sen impedimentos todo o seu potencial musical.

Jesus Fernandez Llaneza

**Departamento de
corda.**

Aula de violín



CURSO DE VIOLÍN E VIOLA

Dirixido a G.E. 1º e 2º G.P

*5, 6 e 7 de abril de
2024*

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
SANTIAGO DE COMPOSTELA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE
MÚSICA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

MATRÍCULA

Inscrición

DATAS E HORARIOS

Venres 5 de abril de 16:30 a 20:30 h.

Sábado 6 de abril de 10 a 13:30 h

Sábado 6 de abril de 16:30 a 19:30 h

Domingo 7 de abril de 10 a 13:30 h

Unha vez realizadas as matrículas se convocará a cada alumno/a no horario que lle corresponda para as clases individuais e grupais.

CLASES E ACTIVIDADES

O alumnado activo participará nas clases grupais correspondentes e realizará dúas sesións de atención individual

O alumnado oínte poderá asistir a todas as clases e poderá participar nas clases grupais



Entregarase o boletín de inscrición, xunto co xustificante do ingreso bancario, na secretaría do centro ou no correo electrónico cmus.santiago@edu.xunta.gal

IBAN ES04 2080 0348 3030 4001 1278

No ingreso debe constar o nome do/a alumno/a e "Curso de violín e viola"

PREZOS:

Alumnado activo do centro 25 €

Alumnado activo externo 35 €

Alumnado oínte 15 €

PRAZO DE INSCRICIÓN

Ata o día 1 de abril de 2024 ás 14h

As prazas do alumnado activo se adxudicarán por rigurosa orde de matrícula e ingreso

BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Curso de violín

Nome: _____

DNI: _____ Idade: _____

Correo-e: _____

Teléfono: _____

Modalidade:

Activo _____

Oínte _____

Centro de estudos musicais:

Curso: _____

Obras, pezas,
estudos: _____

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MUSICA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES